



Guía Docente				
Datos Identificativos				2020/21
Asignatura (*)	Lingua Inglesa 1		Código	613G03003
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	Inglés			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Letras			
Coordinación	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es	
Profesorado	Lezcano Gonzalez, Emma	Correo electrónico	emma.lezcano@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Descripción e uso da lingua inglesa nun nivel intermedio alto (B2.1)			



Plan de continxencia	<p>1. Modificacións nos contidos Non se realizarán cambios nos contidos.</p> <p>2. Metodoloxías *Metodoloxías docentes que se manteñen</p> <p>1. Sesións maxistrais (modificando canle de comunicación ? Moodle/ Microsoft Teams)</p> <p>2. Seminario (modificando canle de comunicación - Moodle/ Microsoft Teams)</p> <p>3. Discusión dirixida (modificando canle de comunicación ? Moodle/ Microsoft Teams)</p> <p>4. Proba oral (modificando canle de realización ? Moodle/ Microsoft Teams)</p> <p>5. Portafolios do alumno (podendo modificar formas e datas de entrega)</p> <p>6. Proba mixta (modificando canle de realización ? Moodle/ Microsoft Teams)</p> <p>7. Lecturas</p> <p>*Metodoloxías docentes que se modifican</p> <p>1. Traballo tutelado. O alumnado podrá escoller entre a modalidade grupal (orixinal) ou individual.</p> <p>2. Aprendizaxe colaborativa. O traballo realizarase de forma non presencial a través das diferentes plataformas institucionais habilitadas.</p> <p>3. Mecanismos de atención personalizada ao alumnado Correo electrónico. Diariamente (de luns a venres); Moodle (horario de aulas); Microsoft Teams (horario de aulas e tutorías).</p> <p>4. Modificacións na avaliación As porcentaxes orixinais para cada ítem da avaliación manteranse, coas seguintes modificacións na modalidade de avaliación: ?Traballo Tutelado. A presentación oral do traballo tutelado substituirase por unha vídeo gravación que, acompañada do texto que se requira, será enviada por correo electrónico ou Moodle segundo se estableza. ?Proba Oral. As tarefas de expresión oral durante o curso ou, na súa falta, a proba oral poderán ser realizadas a través de Microsoft Teams. ?Portafolios do alumno. As tarefas de producción escrita e comprensión lectora avaliaranse de forma asíncrona a través de Moodle ou Microsoft Teams. ?Proba mixta. A proba mixta realizarase de forma síncrona a través de Moodle ou Microsoft Teams.</p> <p>*Observacións de avaliación: No caso de fallos xerais no sistema ou problemas de conexión xeneralizados durante a realización das probas síncronas, o profesorado facilitará as probas por correo electrónico ou utilizará a vía telefónica se é preciso.</p> <p>5. Modificacións da bibliografía ou webgrafía Non se realizarán cambios</p>
----------------------	--

Competencias / Resultados do título

Código	Competencias / Resultados do título
--------	-------------------------------------

Resultados da aprendizaxe



Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título		
Seguir unha conversa sobre asuntos cotiáns ou de carácter xeral, participar espontaneamente e ser capaces de expresar sorpresa, felicidade, tristeza, interese, indiferenza etc.	A6	B4	
Entender as ideas principais dun discurso oral ou escrito sobre asuntos cotiáns, de actualidade, ou sobre temas persoais, e separalas dos detalles específicos.	A15		
Comprender a descripción de acontecementos, de sentimentos e de desexos en cartas persoais e en textos relacionados cos campos semánticos do programa.		B3	
Localizar información relevante en textos longos ou obter información de distintas partes do texto ou de varios textos para resolver un problema específico, así como identificar as conclusións en textos de argumentación claros e recoñecer a liña desa argumentación.		B1	
Expoñer e cohesionar de forma más ou menos elaborada experiencias, desexos, opinións, proxectos, reaccións etc.	A9	B5 B6	
Comentar as opinións doutras persoas, comparando e contrastando alternativas, avaliando que facer, a onde ir, ou que elixir.	A6 A9 A15	B4	C2
Presentar un tema coñecido sobre os campos semánticos traballados ou outros relacionados para que poida ser seguido sen dificultades, explicar os puntos significativos con razonable precisión e ser capaz de contestar as preguntas que xorden.	A6 A9 A15	B1 B3 B5 B6	C2
Escribir textos ben enlazados e gramaticalmente correctos sobre temas que son coñecidos ou de interese persoal e describir experiencias e impresións así como formular peticións ou solicitudes concretas de xeito sinxelo.	A6 A9 A15	B3 B4 B6	C2

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Gramática	1.1. Formación de preguntas 1.2. Uso de determinantes, cuantificadores e nomes 1.3. Uso de adjetivos e adverbios 1.4. Uso de tempos verbais 1.5. Uso da voz pasiva 1.6. Uso de verbos con partícula e frases idiomáticas
2. Vocabulario	2.1. Educación e aprendizaxe 2.2. Personalidade, apariencia e carácter 2.3. Viaxe e movemento 2.4. Actividades deportivas e de ocio 2.5. Comida e bebida



3. Redacción	3.1. Aspectos básicos: 3.1.1. Puntuación 3.1.2. Uso de maiúsculas 3.1.3. Ortografía 3.1.4. Estrutura oracional 3.2. Redacción de párrafos: 3.2.1. Estrutura 3.2.2. Tipos 3.3. Coherencia e cohesión 3.3. Resumo e toma de notas 3.3.1. Toma de notas 3.3.2. A paráfrase 3.3.3. O resumo 3.4. Redacción de correos electrónicos 3.4.1 Graos de formalidade 3.4.2. Correos formais e informais
--------------	---

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Actividades iniciais	A9 B4	2	0	2
Sesión maxistral	A6 A15 B3 C2	13	15	28
Seminario	A6 A15 B3 C2	13	15	28
Discusión dirixida	B4 B5	7	3	10
Proba oral	A6 A9 A15 B4 B5 C2	0	6	6
Lecturas	A6 B1 B3 B6 C2	0	10	10
Traballos tutelados	A6 B3 B5 B6 C2 C2	0	15	15
Portfolios do alumno	A6 A9 A15 B3 B6	2	18	20
Proba mixta	A6 A9 A15 B1 B3 B6 C2	0	15	15
Aprendizaxe colaborativa	B3 B4 B6	0	15	15
Atención personalizada		1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Actividades iniciais	Primeira toma de contacto coa lingua inglesa en xeral e coa materia en particular, en que se desenvolven actividades destinadas a obter información relevante sobre o alumnado así como sobre as súas competencias iniciais en lingua inglesa, co fin de articular a docencia de xeito que se favorezan aprendizaxes eficaces e significativas, que partan dos saberes previos e intereses do alumnado.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución de algunas preguntas dirixidas aos estudiantes, coa finalidade de lles transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe.
Seminario	Aulas de carácter práctico en que se desenvolven as catro destrezas arredor dun tema dos que se poden atopar nos contidos ou outros que podan ser de interese xeral. Deste xeito, haberá seminarios de lectura, redacción e comprensión audiovisual case todas as semanas do curso.
Discusión dirixida	Actividades desenvolvidas polo alumnado en grupos pequenos, coordinados pola profesora lectora, en que porán en práctica a súa destreza oral en lingua inglesa e se debaterán temas de forma libre, informal, espontánea e sinxela.



Proba oral	Proba en que se avalán as competencias comunicativas do alumnado mediante unha pequena conversa ou entrevista coas profesoras individualmente ou por parellas. Os estudantes terán tamén que ler un texto en voz alta e tal vez improvisar situacións suxeridas polas profesoras, que poderán usar textos ou material audiovisual como apoio durante a proba.
Lecturas	Todo o material que o estudiantado terá que ler fóra da aula para a realización dalgúns exercicios de comprensión lectora así como todas as lecturas que poidan facer en inglés para outras materias. Tamén se considerarán "lecturas" a lectura de xornais, revistas, foros de internet, etc. en lingua inglesa, actividade que recomendaremos encarecidamente.
Traballos tutelados	O alumnado deberá realizar un traballo en grupo ("project") sobre un tema que se especificará ao inicio do curso. Con este traballo preténdese promover a aprendizaxe autónoma do estudiantado, baixo a tutela do profesorado así como a aprendizaxe colaborativa e as relacións entre a universidade e o entorno sociocultural no que se asenta.
Portafolios do alumno	O portafolio consistirá na recompilación das diferentes tarefas de redacción encomendadas polo profesorado durante o cuatrimestre.
Proba mixta	Proba práctica con exercicios variados de uso da lingua, algúns de resposta breve outros de elección múltiple, outros de ordenación ou de maior elaboración. Ás veces pedirase xustificación das respuestas.
Aprendizaxe colaborativa	Traballo presencial e non presencial a través de TICs en pequenos grupos co fin de compartir información e habilidades e optimizar os resultados de aprendizaxe de todos os membros do grupo.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Para a realización do traballo tutelado é importante que o estudiantado informe ao profesorado dos avances que vai facendo ao longo do cuatrimestre.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Proba mixta	A6 A9 A15 B1 B3 B6 C2	No exame oficial de xaneiro todo o alumnado deberá realizar unha proba mixta coas seguintes partes: gramática e vocabulario (25%) e comprensión auditiva (15%).	40
Proba oral	A6 A9 A15 B4 B5 C2	O alumnado realizará unha proba oral ao final do cuatrimestre na que deberá amosar as súas competencias comunicativas en lingua inglesa. Se ao longo do cuatrimestre un alumno ou alumna acada máis dun 5 sobre 10 na avaliación continua das suás competencias de expresión oral, non terá que facer a proba final.	15
Traballos tutelados	A6 B3 B5 B6 C2 C2	O "project" suporá un 10 por cento da nota final. Avaliarase a súa exposición oral e a parte escrita así como o traballo realizado polo grupo ao longo do cuatrimestre.	10
Portafolios do alumno	A6 A9 A15 B3 B6	No portafolios avaliaremos as tarefas de producción escrita (20%) e comprensión lectora (15%) realizadas ao longo do curso.	35

Observacións avaliación



IMPORTANTE: Para superar a materia, a suma das distintas probas, project e demáis actividades availables deberá ser 5 sobre 10, tendo en conta que a cualificación mínima do exame final, da proba oral e das tarefas de producción escrita non poderá ser inferior a 4, aínda que a nota media total sexa 5 ou más. Para superar a materia o alumnado debe completar polo menos o 50% das tarefas de cada parte do portafolios (50% das tarefas de producción escrita e 50% das tarefas de comprensión lectora).

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen causa xustificada.

Os traballos con evidencia de plaxio serán cualificados automáticamente coa calificación de 0. Para este fin poderá usarse a aplicación Turnitin, que recoñece traballos previamente presentados nesta ou noutras universidades, incluso do mesmo estudiante.

Os alumnos/as que non se presenten o día da proba mixta oficiais acadarán a cualificación de NP, se non entregaron máis do 50% de actividades durante o curso.

As posibles tarefas de "extra-credit" que o alumnado realice ao longo do cuatrimestre poderán supoñer ata un 5% extra na nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou calquera outra actividade proposta polo profesorado, ou proposta polo alumnado e aceptada polo profesorado.

OPORTUNIDADE de XULLO: A distribución de porcentaxes será a seguinte: 1) proba mixta (40%), resultado da proba de gramática e vocabulario (25%) e a proba de comprensión auditiva (15%); 2) portafolios (35%), resultado das tarefas de producción escrita (20%) e as tarefas de comprensión lectora (15%); 3) traballo tutelado (10%); 4) entrevista oral co profesorado (15%).

Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica, tal e como establece a Normativa desta universidade, será avaliado en calquera das dúas oportunidades seguindo os mesmos criterios que para a segunda oportunidade de xullo.

Os alumnos que se presentan á convocatoria adiantada de decembro avaliaranse segundo as normas especificadas para a oportunidade de xullo.

Atención á diversidade:

Existe unha oficina (ADI) na universidade que se especializa en "atender os membros da comunidade universitaria con necesidades especiais derivadas da discapacidade ou doutras formas de diferenza fronte á poboación maioritaria". O alumnado que o deseche pode falar coa profesora Ana Veleiro para acadar máis información ou poñerse directamente en contacto coa ADI en <http://www.udc.es/cufie/uadi/>. Tamén no teléfono 5622 ou na dirección de email adi@udc.es.

IMPORTANTE: Para superar a
materia, a suma das distintas probas, project e demáis actividades availables
deberá ser 5 sobre
10, tendo en conta que a cualificación
mínima das probas obxectivas de Use of English e das probas que
avalían as catro destrezas deberá ser de 4 puntos sobre 10. Os alumnos que
acaden máis dun 5 nas probas prácticas de "Use of English" feitas ao
longo do cuatrimestre estarán exentos do exame de "Use of English" na
proba obxectiva de xaneiro.

Aplicarase unha penalización do 25% sobre a cualificación
final de traballos e actividades se estes son entregados fóra de prazo sen
causa xustificada. Os alumnos/as que non se presenten o día das probas
obxectivas de xuño ou xullo acadarán a cualificación de NP, se non entregaron
máis do 50% de actividades durante o curso.

A participación dinámica nas diferentes
tarefas da clase, así como todo o material de "extra-credit" que o
alumnado realice ao longo do cuatrimestre, podrá supoñer ata un 5% extra na
nota final. Isto inclúe traballos voluntarios, lecturas alternativas ou
calquera outra actividade proposta polo profesorado, ou proposta polo alumnado
e aceptada polo profesorado.

AVALIACIÓN XULLO: Os/as estudiantes que en
xaneiro non superen a materia ou aqueles/aquellos que non presenten alomenos o
50% das redaccións terán que ir á oportunidade de xullo, na que o alumnado terá
que demostrar ter acadadas as competencias da materia nos porcentaxes totais
establecidos mediante a superación de probas nas distintas destrezas,

redaccións substitutorias das feitas na aula, lectura dunha narración breve distinta á proposta durante o cuadrimestre, e unha entrevista oral individualizada coa profesora.

Alumnado con dispensa: O alumnado matriculado a tempo parcial e que teña concedida unha dispensa académica deberá porse en contacto co profesorado da materia a principio de curso para planificar, en cada situación concreta e individual, os axustes necesarios na avaliación, no tocante as porcentaxes de "discusión dirixida", "lecturas" e "seminario".

p.p1 {margin: 0.0px 0.0px 0.0px 0.0px; font: 10.0px Verdana; -webkit-text-stroke: #000000}
span.s1 {font-kerning: none}



Fontes de información

Bibliografía básica	<p>- Carter, R. et al. (2011). English Grammar Today. Cambridge: C.U.P</p> <p>- McCarthy, M. & F. O'Dell (2002). English Vocabulary in Use. Cambridge: C.U.P</p> <p>- Simon, P. (2016). The Grammaring Guide to English Grammar. My E-Book Publishing House</p> <p>- Swan, M. (1996). Practical English Usage. Oxford: O.U.P.</p> <p>- Thomas, B., Hashemi, L. & L. Matthews (2015). Grammar and Vocabulary for First (with answers). Cambridge: C.U.P.</p> <p>- Vince, M. (2009). First Certificate Language Practice. English Grammar and Vocabulary.. MacMillan Publishers.</p> <p>Outros libros de interés:- Allsop, J. & P. Watcyn-Jones. 1990. Test Your Phrasal Verbs. London: Penguin.. Allsop, J. & P. Watcyn-Jones. 1990. Test Your Prepositions. London: Penguin.. Beaumont, D. & C. Granger. 1991. Heinemann English Grammar. Oxford: Heinemann.. Brook-Hart, G. 2008. Complete First Certificate. Cambridge: C.U.P.. Collie, J. & S. Slater. 1992. Cambridge Skills for Fluency: Listening 3. Cambridge: C.U.P.. Collie, J. & S. Slater. 1992. Cambridge Skills for Fluency: Speaking 3. Cambridge: C.U.P.. Greenall, S. & D. Pye. 1993. Cambridge Skills for Fluency: Reading 3. Cambridge: C.U.P.. Greenall, S. & M. Swan. 1986. Effective Reading. London: Cambridge: C.U.P.. Hashemi, L. & B. Thomas. 2003. Cambridge Grammar for First Certificate. Cambridge: C.U.P.. Littlejohn, A. 1993. Cambridge Skills for Fluency: Writing 3. Cambridge: C.U.P.. Murphy, R. 1990. English Grammar in Use. Intermediate. 1985. Cambridge: C.U.P.. Prodromou, L. 1999. Grammar and Vocabulary for First Certificate. Harlow: Longman.. Redston, C. & G. Cunningham. 2007. Face2Face Upper-intermediate. Cambridge: Cambridge University Press.. Swan, M. & C. Walter. 1997. How English Works. Oxford: O.U.P.. Thomson, A.J. & A.V. Martinet. 1993. A Practical English Grammar. Oxford: O.U.P. (4th edition; this grammar is supplemented with two exercise books with answer key).</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías